



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

**Resolución do 8 de abril de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede autorización administrativa previa e de construción para unha instalación eléctrica no concello de Ribadeo. (nº expte. IN407A 2018/ 8657-AT)**

Visto o expediente para autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se cita:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- xrúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: LMT soterrada entre o CT 3438 Canelas e CT 4413 San Lázaro
- Situación: concello de Ribadeo
- Características Técnicas:
  - LMT soterrada con orixe nunha cela de liña proxectada no CT Canelas (CD3438) e final nunha cela de liña existente no CT San Lázaro (CD4413), cunha lonxitude de 1.450 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
  - Desmontaxe de dous apoios e 270 metros de condutor da LMT aérea Cabarcos e desmontaxe de 250 metros de condutor la LMT soterrada Cabarcos.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, tendo en conta a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e as competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da fecha da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Lugo, 8 de abril de 2019A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 1128

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### ÁREA DE RECURSOS HUMANOS

#### Anuncio

#### PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 10 DE MAIO DE 2019 POLO QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PARA PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO, DISTINTOS POSTOS DE TRABALLO, VACANTES NA VIXENTE RPT, RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO

Anuncio relativo ao acordo da Xunta de Goberno de data 10 de maio de 2019 que literalmente di:

*“ Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:*

*A Xunta de Goberno, en sesións de datas 19 e 26 de outubro de 2018 e 16 de novembro de 2018, aproba a convocatoria e bases para a provisión de determinados postos de traballo de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, vacantes na vixente RPT, a prover polo sistema de concurso de méritos entre funcionarios/as desta Deputación Provincial, facéndose públicas nos Boletíns Oficiais da Provincia números 257 e 269, de datas 9 e 23 de novembro de 2018.*

*A Comisión de Valoración, para cumprimento da base 9.1, fixo público, no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web da Entidade, as propostas provisionais de nomeamento dos postos de traballo que a continuación se relacionan.*

*Non habendo alegacións, segundo o sinalado na base 9.3, a proposta provisional faise definitiva, polo que propónse á Xunta de Goberno que adopte os seguintes acordos:*

*1º.- Resolver definitivamente os procedementos de provisión dos seguintes postos de traballo, nomeando a:*

**Don Miguel Rodríguez Aldariz**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1533, denominado **Xefe Sección I Inspección Tributaria**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Inspección Tributaria, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

**Dona Julia María Vázquez Silvarrey**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1550, denominado **Xefe Sección I Promoción Económica e Emprego**, adscrito á Área de Promoción Económica e Social - Sección Promoción Económica e Emprego, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

**Dona Ana María Vila Vázquez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1319, denominado **Xefe Sección III Patrimonio**, adscrito á Presidencia - Secretaría Xeral e Servizos Centrais, Patrimonio e Inventario Xeral, Sección Patrimonio, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 25.

**Dona Amalia López Liz**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1534, denominado **Adxunto Xefe Sección Recadación Voluntaria**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Xestión e Recadación Voluntaria reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 24.

**Don Fernando Carballeira Rábade**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1517, denominado **Xefe Unidade II Administración BOP**, adscrito á Presidencia - Servizo de Comunicación e TICs, Unidade Administración BOP, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 23.

**Dona Isabel Ron Torres**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1355, denominado **Xefe Unidade II Apoio e Xestión Administrativa Comunicación**, adscrito á Presidencia - Servizo de Comunicación e TICs, Unidade Xestión Administrativa Comunicación, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 23.

**Dona Guadalupe González Varela**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1401, denominado **Xefe Unidade II Xestión Administrativa Presidencia**, adscrito á Presidencia - Gabinete Presidencia, Unidade de Xestión Administrativa Presidencia reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 23.

**Dona María Isabel Pérez Soilán**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 153, denominado **Xefe Negociado I Actas**, adscrito á Presidencia - Secretaría

Xeral e Servizos Centrais, Sección de Actas e Asuntos Xerais, Negociado de Actas, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Dona Isabel Álvarez Núñez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1357, denominado **Xefe Negociado I Apoio e Tramitación Administrativa Secretaría**, adscrito á Presidencia - Secretaría Xeral e Servizos Centrais, Negociado Apoio e Tramitación Administrativa Secretaría, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Dona Consuelo López Fernández**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 205, denominado **Xefe Negociado I Gastos Persoal**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Intervención, Servizo de Fiscalización, Sección Gastos de Persoal e Subvencións, Negociado Gastos Persoal, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Dona Beatriz Gómez Cereijo**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1379, denominado **Xefe Negociado I Plusvalía e Circulación**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Xestión e Recadación Voluntaria, Negociado Plusvalía e Circulación, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Dona Amparo Márquez Ruíz**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1176, denominado **Xefe Negociado I Subvencións**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Intervención, Servizo de Fiscalización, Sección Gastos de Persoal e Subvencións, Negociado de Subvencións, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Dona María Luísa Caamaño Piñeiro**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1058, denominado **Xefe Negociado I Tramitación Administrativa Expropiacións e Control de Proxectos**, adscrito á Área de Xestión Territorial - Vicepresidencia - Servizo de Expropiacións e Control Proxectos, Negociado Tramitación Administrativa Expropiacións e Control Proxectos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

**Dona María Cristina Pérez Díez del Corral**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1618, denominado **Xefe Negociado II Apoio e Tramitación Administrativa Cooperación Concellos**, adscrito á Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente - Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Negociado de Apoio e Tramitación Administrativa Cooperación Concellos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Dona Estrella González Varela**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1358, denominado **Xefe Negociado II Apoio e Tramitación Administrativa Secretaría Xeral Adxunta**, adscrito á Presidencia - Secretaría Xeral e Servizos Centrais, Secretaría Xeral Adxunta, Negociado Apoio e Tramitación Administrativa Secretaría Xeral Adxunta, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Dona María José Fernández Fernández**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1530, denominado **Xefe Negociado II Nóminas e Seguridade Social**, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais - Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación - Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos, Sección de Nóminas e Seguridade Social, Negociado Nóminas e Seguridade Social, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Dona María Jesús Jato Puentes**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1376, denominado **Xefe Negociado II Tramitación Administrativa Cooperación e Proxectos**, adscrito á Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente - Servizo de Cooperación e Proxectos, Negociado Tramitación Administrativa Cooperación e Proxectos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Dona María del Carmen Ferreiro Reija**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1525, denominado **Xefe Negociado II Tramitación Administrativa Parque Móbil**, adscrito á Área de Xestión Territorial, Vicepresidencia - Parque Móbil, Negociado Tramitación Administrativa Parque Móbil, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Dona María Asunción Pérez Vázquez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1516, denominado **Xefe Negociado II Tramitación Administrativa Presidencia**, adscrito á Presidencia - Gabinete Presidencia, Unidade de Xestión Administrativa Presidencia, Negociado Tramitación Administrativa Presidencia, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Don José Manuel Neira González**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1540, denominado **Xefe Negociado II Tramitación Administrativa Rede Museística**, adscrito á Área de Turismo e Cultura - Subárea de Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación - Rede Museística Provincial, Negociado Tramitación Administrativa Rede Museística, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Don Ramón Rozados Sánchez** para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1531, denominado **Xefe Negociado II Tramitación Subvencións e Coordinación**

**Vixilantes Medio Ambientais**, adscrito á Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente - Servizo de Medio Ambiente, Sección Medio Ambiente, Unidade Apoio e Coordinación e Xestión Administrativa Medio Ambiente, Negociado Tramitación Subvencións e Coordinación vixilantes Medio Ambientais, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Don Antonio González Chain**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1166, denominado **Coordinador-Xefe II Administración Prevención**, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais, Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación - Servizo Prevención Riscos Laborais, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Don Santiago Rodríguez Tuñas**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1546, denominado **Coordinador Xefe II Administración e Xestión Cultural**, adscrito á Área de Turismo e Cultura, Subárea de Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación - Centro de Artesanía e Deseño, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Don Jesús Manuel Reguera López**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1552, denominado **Coordinador Xefe II Apoio e Asuntos Sociais**, adscrito á Área de Promoción Económica e Social - Sección Benestar Social e Igualdade, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Dona Concepción Conde Gómez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1527, denominado **Responsable Coordinador II - Apoio e Tramitación Administrativa Recursos Humanos**, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais, Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación - Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 21.

**Dona Dolores Carballada Gesto**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1622, denominado **Responsable Coordinador II - Plan Único**, adscrito á Área de Turismo e Cultura, Subárea de Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación - Servizo de Cultura e Turismo, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 21.

**Dona Ana Pereira Marzán**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1529, denominado **Responsable Coordinador III - Procesos Selectivos**, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais, Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación - Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos - Sección Selección, Promoción e Carreira, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 19.

2º.- Publicar o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Entidade, para cumprimento da base 10.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

O que se da publicidade en cumprimento da Base 10 que rexe a convocatoria, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, a 13 de maio de 2019; A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R.1369

### Anuncio

**PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 10 DE MAIO DE 2019 POLO QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PARA PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO, DISTINTOS POSTOS DE TRABALLO, VACANTES NA VIXENTE RPT, RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO**

Anuncio relativo ao acordo da Xunta de Goberno de data 10 de maio de 2019 que literalmente di:

"Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

A Xunta de Goberno, en sesións de datas 19 e 26 de outubro de 2018 e 16 de novembro de 2018, aproba a convocatoria e bases para a provisión de determinados postos de traballo de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, vacantes na vixente RPT, a prover polo sistema de concurso de méritos entre funcionarios/as desta Deputación Provincial, facéndose públicas nos Boletíns Oficiais da Provincia números 257 e 269, de datas 9 e 23 de novembro de 2018.

A Comisión de Valoración, para cumprimento da base 9.1 fixo público, no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web da Entidade as propostas provisionais de nomeamento dos postos de traballo que a continuación se relacionan.

Despois de resolver as alegacións presentadas, a Comisión de valoración fai pública a proposta definitiva de nomeamento no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web, polo que, para cumprimento da base 9.3, propónse á Xunta de Goberno que adopte os seguintes Acordos:

1º.- Resolver definitivamente os procedementos de provisión dos postos de traballo que a continuación se sinalan, nomeando a:

**Don Xesús Arrizado Yáñez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1526, denominado **Técnico Asesor Recursos Humanos / Adxunto Xefe Servizo RRHH**, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais - Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 27.

**Don José Antonio Arias Lombardero**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1549, denominado **Xefe Sección I Innovación e Participación Cidadá**, adscrito á Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes - Sección Innovación e Participación Cidadá, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

**Dona María del Pilar Piñeiro Vázquez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1621, denominado **Xefe Unidade I Recursos Doutrós Entes**, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Intervención, Servizo Contabilidade e Contas, Sección de Contabilidade e Contas, Unidade Recursos Doutrós Entes, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 24.

**Don Pedro Gómez Zunzunegui**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 982, denominado **Xefe Unidade II Xestión administrativa e Procuradoría**, adscrito á Presidencia – Asesoría Xurídica, Unidade Xestión Administrativa e Procuradoría, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 23.

**Don Carlos Ramón Ouro Núñez**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1555, denominado **Xefe Negociado II Tramitación Administrativa Granxa**, adscrito á Área do Medio Rural e do Mar – Granxa Provincial, Negociado Tramitación Administrativa Granxa Provincial, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Don Manuel Pillado Rego**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1356, denominado **Adxunto Xefe Parque Móbil**, adscrito á Área de Xestión Territorial – Vicepresidencia, Parque Móbil, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

**Don José Manuel Cebral Varela**, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1524, denominado **Adxunto Xefe Parque Móbil**, adscrito á Área de Xestión Territorial – Vicepresidencia, Parque Móbil, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

2º.- Publicar o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Entidade, para cumprimento da base 10.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

O que se da publicidade en cumprimento da Base 10 que rexe a convocatoria, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, a 13 de maio de 2019; A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1370

## SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

### Anuncio

#### SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADAS POLA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DESTE ORGANISMO PROVINCIAL CORRESPONDENTES AO ÚLTIMO TRIMESTRE DO 2018.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a xestión das subvencións rexerese, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia, así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 18 da lei de referencia e no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se dá publicidade ás subvencións directas de carácter excepcional concedidas pola Presidencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo referidas ao último trimestre do 2018.

ÁREA	UNIDADE	ENTIDADE	REPRESENTANTE	OBJECTO	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO
ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL	SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	ILUSTRE COLEGIO DE GRADUADOS SOCIALES	Manuel Núñez Carreira	Financiación do "Servizo de información e orientación laboral"	2410.4891 1	30.000,00 €	2018
ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL	SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS 1ª TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA	Daniel Díaz Ramos	Financiar gastos da execución do "Programa de formación e inserción de traballadores desempregados en empresas da 1ª transformación da madeira"	2410.4891 1	40.554,00 €	2018
ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL	SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	CRUZ ROJA	Luis Abelleira Mayor	Financiar gastos derivados da execución do proxecto do "Plan De Dinamización No Emprego Rural"	2410.4891 1	30.000,00 €	2018
ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL	SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	ASOCIACIÓN SECTORIAL FORESTAL GALEGA - ASEFOGA	Jacobo Feijoo Lamas	Financiar gastos derivados da actuación "Curso de Formación Básica de Capacitación para Traballadores Forestais "	2410.4891 1	24.006,5€	2018
ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL	SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	UNIÓNS AGRARIAS - UPA	Roberto García González	Financiar gastos derivados do proxecto "Cursos de traballos de substitución de vacún de leite e de carne"	2410.4891 1	42.158,15€	2018
ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL	SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO	ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMAS, EMPRESARIAS E PROFESIONAIS DA PROVINCIA DE LUGO	Marta López Yáñez	Financiar gastos derivados da execución do proxecto de "Lugo Vístese de Primavera",	4330.4891 1	1.500,00€	2018

Lugo, 9 de maio de 2019.- Pablo Rivera Capón, firma delegada P.d decreto N.º 402, de 24-02-2017).

R. 1371

## CONCELLOS

### BARALLA

#### Anuncio

Unha vez informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión celebrada o día 8 de maio de 2019, a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico 2018, de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposta ao público na Secretaría - Intervención deste Concello, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo e oito días máis os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Baralla, 8 de maio de 2019.- O ALCALDE EN FUNCIÓNS, (por Decreto de Delegación número 82 de data 2 de maio de 2019), Manuel Rodríguez Vilela.

R. 1327

## FOZ

## Anuncio

Habéndose aprobado definitivamente por acordo do pleno municipal de data 28 de marzo de 2019, a RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE FOZ, ao abeiro do artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, procédese a publicar a devandita RPT no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no Taboleiro de Anuncios electrónico do Concello de Foz.

**PERSOAL FUNCIONARIO**

Cód.	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Adscripción				Titulación académica	Formación específica	Observacións
							ADM	Grupo	Escala	Subescala			
1000	SECRETARIO	1	30	26.758,39€	S	C	AE	A1	Habilitación Nacional	Secretaría	Licenciado nas carreiras previstas pola lexislación	-	-
1001	TÉCNICO DE XESTIÓN	1	26	11.879,18€		C	AL	A2	Administración Xeral	Xestión	Dipomado Universitario	-	-
1002	ADL TÉCNICO DE XESTIÓN	1	24	8.927,53€		C	AL	A2	Administración Xeral	Xestión	Dipomado Universitario	-	-
1004	TÉCNICO ARQUIVEIRO	1	20	7.742,03€		C	AL	A2	Administración Especial	Técnica	Dipomado Universitario	-	-
1005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	3	18	6.048,46€		C	AL	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Graduado en ESO	-	-
2000	INTERVENTOR	1	30	26.758,39€	S	C	AE	A1	Habilitación Nacional	Intervención-Tesourería	Licenciado nas carreiras previstas pola lexislación	-	-
2100	TESOUREIRO	1	28	18.387,32€	S	C	AE	A1	Habilitación Nacional	Intervención-Tesourería	Licenciado nas carreiras previstas pola lexislación	-	-
2002	XEFE DE NEGOCIADO RECAUDACIÓN	1	22	9.435,60€		C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato/Técnico	-	-
2004	ADMINISTRATIVO	2	20	6.048,46€		C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato/Técnico	-	-
2005	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	18	6.048,46€		C	AL	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Graduado en ESO	-	-
3000	ARQUITECTO	1	28	18.387,32€		C	AL	A1	Administración Especial	Técnica	Licenciado Universitario	Arquitectura	-
3001	TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	23	9.181,56€		C	AL	A2	Administración Especial	Técnica	Dipomado Universitario	-	-
3002	APARELLADOR	1	26	15.121,15€		C	AL	A2	Administración Especial	Técnica	Dipomado Universitario	Arquitectura Técnica	-
